

SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO

Queridas familias:

Envío as tarefas desta semana, correxirémolas por videoconferencia pero por suposto quen non poida conectarse pode enviarmas. Esta semana as conexións serán o xoves e o sábado ás 12:00, e non é necesario aceptar as dúas. Gustaríame pedirlle ao alumnado que teñan as tarefas diante aínda que non as teñan feitas, porque si teñen todo preparado non perdemos tanto tempo. Na conexión do sábado pasado fixemos máis actividades na metade de tempo que o venres, e foi porque o alumnado do sábado tiña todo preparado e foi moito máis rápido. E non o digo pola tardanza, é porque enseguida desconectan xa que as correccións fan que teñan que estar máis centrados e nestas circunstancias resúltalles aburrido.

En sociais seguimos co tema 5 “O Neolítico” nas páxinas 92 e 93.

Non é necesario imprimir as fichas pero si alguén necesita ir ao colexio a imprimilas ten que avisarme, porque agora esa tarefa teño que facela eu, pero teño que poñer unha hora.

O **mércores 10 de xuño** é o día que podedes ir ao colexio para entregar os libros de texto e recoller o material que quedara na aula, solo pode ir un membro da familia e **xa me poñerei eu en contacto para dicir a hora exacta** á que podedes ir. Non será unha hora de titoría, solo entrega e recollida do material.

Envío os enlaces aos solucionarios de lingua e mate, solo para o alumnado que estivo traballando xa que eran voluntarios.

LENGUA

2ºTRI <http://es.santillanago.com/es/archivos/archivos/ESBP000003856/archivos/5d69373a468d5.pdf>

LENGUA

3ºTRI <http://es.santillanago.com/es/archivos/archivos/ESBP000003857/archivos/5d6937aa04a55.pdf>

MATEMÁTICAS 2ºTRI

<https://es.santillanago.com/es/archivos/archivos/ESBP000003511/archivos/5d693dda8bd85.pdf>

MATEMÁTICAS 3ºTRI

<https://es.santillanago.com/es/archivos/archivos/ESBP000003511/archivos/5d693e1bd15ff.pdf>

Calquer dúbida podedes enviarme un correo ou por abalar.

Un saúdo.

A titora de 4º.